

1

Día de mudanza



Escoitar



pista 1

1 Escoita con atención a gravación e responde.

- Cantas persoas oíches falar? Conversan entre elas? Por que?
- Quen deixa a mensaxe nova? A quen vai dirixida? Que lle quere comunicar?

2 Volve escoitar a mensaxe e completa a nota.

Roi irá á casa de Xoán o _____. O enderezo é _____.
Ten que lembrarse de levar _____.





Falar

3 Fíxate na escena anterior e explica quen son esas persoas e que fan.

- Viviches algunha vez unha mudanza? Que lembras dela?
Se non a viviches, como a imaxinas?
- Como organizarías os obxectos do teu cuarto para trasladalos a outra casa?

4 Parécese a casa da lámina á túa ou ás da zona onde vives? Explica.

5 Conta o que ves neste cuarto sen empregar os nomes dos obxectos e elementos que hai nel.

Utiliza en lugar desas palabras a súa definición ou outra palabra de significado semellante.

Exemplo ► *Hai un oco na parede que ilumina...*



Escribir

6 Pensa e escribe unha breve nota para adherir á caixa da ilustración que ten escrito FRÁXIL. Ten que incluír a seguinte información.

- Contido da caixa.
- Precaucións para transportala.



7 EDUCACIÓN CÍVICA. Colaboro na casa.

Escribe unha lista de actividades nas que adoitas colaborar no fogar.

Paréceche importante colaborar nesas tarefas? Por que?

➔ SABER FACER

TAREFA FINAL



Escribir un correo electrónico

- Que é un correo electrónico? En que se parece e en que se diferencia dunha carta ou dunha postal? Explica.
- A quen lle escribirías un correo? Por que?
Que precisas para facelo?

Vas practicar a escritura dun correo electrónico; seguro que tes algo interesante que comunicarlle a alguén.





A casa abandonada

DIFICULTADES DE LECTURA

- Le o texto e fíxate en como se pronuncian os sons representados coas letras **c, r, x** e cos dígrafos (**ch, gu, ll, nh, qu, rr**). Repara tamén na pronuncia dos grupos consonánticos (**pr, pl, bl, br, dr...**).
- Se tes dificultades para ler as palabras que conteñen estes sons, cópiaas e ensaia a súa pronuncia.

Realmente estaba feita unha porcallada. A casa, non a princesa. A princesa parecía limpiña ou, polo menos, debía ter moi limpa a conciencia, porque durmía coma un bebé. Pola contra, a casa estaba envolta nunha nube de po, as plantas medraban libres por todas as partes, os paxaros aniñaban enriba dos armarios, as serpes asomaban polos buratos das paredes. Sen pararte a buscar moito, podías atopar calquera bicho, agás moscas, porque as arañas chegaran antes e espallaran as súas teas coma redes mortais. Aínda así, a princesa roncaba a gusto, allea ao abandono.

O príncipe pensou no desgusto que levaría a princesa cando espertase e vise aquela casa tan **desleixada**. Imaxinou que a princesa correra de pequena polos corredores, que gardara nos caixóns as súas cousas secretas, que xogara ás agachadas detrás dos mobles. Desgraza abonda tiña a malpocada rapaza; mira ti que quedar enfeitizada sen comelo nin bebelo, por unha fada envexosa e amargada, obrigada a durmir cen anos enteiros, sen suar coa calor do verán nin tremer co frío do inverno. Ela, tan feitiña, case non gozara dos bailes nin dos mozos, nin sequera lle dera tempo a coñecer

mundo, non aprendera nin a protestar. A princesa, miña pobre, pouco tiña que contar.

Por iso o príncipe tomou unha **resolución** heroica. A dicir verdade, poucos homes farían algo semellante, só os verdadeiros valentes, os que non lle teñen medo a chorar pola alerxia nin a estragar as súas mans coa lixivia. Quitou a capa, a arma, o cinto, arremangouse, colleu aire, puxo un pano na cabeza e comezou a limpar. Utilizou o rabo do seu cabalo branco como vasoira, a súa propia capa como pano, cuspiu para darlles brillo aos cristais das ventás, axeonllouse para que relucisen o chan e as paredes. Coa espada arrincou as arañeiras. Co alento puíu a superficie dos espellos.

O príncipe fregou, esbirrou de tanto po como levantaba na súa tarefa e mentres, cos ollos nadando en bágoas, cantaba:

Por un bico da dormente...

Por un bico da soñadora...

Por un bico...

Só por iso...

Ai!

Por un bico da miña señora.

E a casa cantaba con el.

Cando a princesa abriu os ollos despois de sentir **cóxegas** nos labios, viu, entre o **escintilar** da casa acabadiña de limpar, un rapaz co cabelo revolto. Gustoulle a súa pel manchada, a roña das súas unllas, ese descoido na roupa sucia e rota. O mozo sorríalle e miraba ao seu redor, satisfeito. Ela comprendeu a súa enorme fazaña. Ante un príncipe así non é raro que a princesa sentise o amor por primeira vez.

PAULA CARBALLEIRA,
Casas (adaptación)

desleixada: pouco limpa ou coidada, abandonada.

resolución: decisión.

cóxegas: ganas de rir que entran sen querer ao tocárennos unha parte do corpo.

escintilar: brillar.

DESTREZAS DE ESCRITURA

- Escribe outra oración en que expreses coas túas palabras o que se di neste fragmento da lectura.

As arañas espallaran pola casa as súas teas coma redes mortais.



Competencia lectora

- 1** En cal destes contos clásicos están inspirados os personaxes da lectura?
Escolle e xustifica a resposta con datos do texto.



- 2** Conta como estaba a casa da princesa e por que.

Localiza a descrición da casa e copia as oracións que describan mellor o seu estado.

- 3** Explica.

- Cal foi a resolución heroica que tomou o príncipe? Por que decidiu facelo?
- Para que utilizou a súa capa e a súa espada? Como varreu o chan?
- Que facía ao tempo que limpaba? Por que o faría?

- 4** Escolle a escena que representa o final do conto e explica cando espertou a princesa e como se sentiu.



- 5** Completa para elaborar un resumo do conto.

O príncipe chegou á casa da princesa e _____.
Daquela decidiu _____. Ao final _____.



- 6** Comenta cos compañeiros e compañeiras.

- Que che parece o comportamento do príncipe? Cualificaríalo de valente e heroico ou pareceche normal? Por que?
- Gustouche esta versión do conto clásico? Por que?



- 7** Escolle un conto de fadas clásico moi coñecido, cambia algunha acción ou característica dun personaxe e cóntallelo aos compañeiros.

1 Elixe e completa coa palabra que corresponda seguindo o código de cores.

 petador varanda valado cancela

 solaina bufarda faiado sobrado

 tellado ventá peitoril cheminea

 hórreo alpendre garaxe adega

- Meu avó sobe as escaleiras agarrado á  e vai tomar o sol á .
- Adela estaba apoiada no  da  cando me dixo que cerrase a .
- Gardamos a leña no , o coche no , o viño na  e o millo no .
- Abriron unha  na parte alta da casa para iluminar o .

2 Risca a palabra que non significa o mesmo ca casa.

vivenda domicilio bloque residencia morada

O DICCIONARIO. O SIGNIFICADO DAS PALABRAS

O **dicionario** recolle as palabras dunha lingua e os seus **significados**.
No dicionario, as palabras están ordenadas alfabeticamente.



3 Ordena estas palabras tal como aparecen no dicionario e anota o seu significado.

☐ cabana ☐ sobrado ☐ sebe ☐ casarío ☐ corredor ☐ claraboia

4 Con que forma se recollen estas palabras no dicionario? Pensa e relaciona.

Adxectivos	■	■ Están en infinitivo.
Verbos	■	■ Están en masculino singular.
Substantivos	■	■ Están en singular.

AMPLÍO O VOCABULARIO

5 Explica o significado das expresións destacadas e escribe unha oración con cada unha delas.

- Fixo unha festa e **tirou a casa pola ventá**.
- Xoán **non para na casa**.
- Leva tres días chovendo e vaimos **caer a casa enriba**.



As linguas de España

No século III a. C. os romanos trouxeron a súa lingua, o latín, á península ibérica. Co paso do tempo, aquel latín foise transformando e deu lugar a novas linguas.

O castelán, o catalán e o galego son linguas que hoxe se falan en España e que proveñen do latín. Tamén se fala outra lingua, o éuscaro, pero non procede do latín, senón que ten unha orixe anterior e descoñecida.

O castelán é a lingua oficial en todo o territorio español, pero o catalán, o galego e o éuscaro tamén son linguas oficiais nas súas respectivas comunidades, así que os seus falantes poden usar dúas linguas.



O galego

O galego fálase desde hai máis de mil anos. Nos seus primeiros séculos de vida tiña unha forma algo diferente da actual. Orixinariamente chamábase galego-portugués, pero foise transformando e deu lugar a dúas linguas: o galego e o portugués. Así, podemos dicir que o portugués é a nosa lingua xemelga.



Entre o galego e as demais linguas da Península que proceden do latín, como o castelán, o catalán e o portugués, hai moitas semellanzas, pero tamén bastantes diferenzas nos sons, nas letras, nas palabras... Fíxate nas diferenzas que se observan neste exemplo:

Hai un gato no tellado.
Há um gato no telhado. (portugués)
Hi ha un gat a la teulada. (catalán)

En España fálanse varias linguas, como o **galego**, o **castelán**, o **catalán** e o **éuscaro**. Agás o éuscaro, todas as demais proveñen dun idioma común: o latín.

O galego parécese moito ao portugués, pois nun tempo foron a mesma lingua.

1 Fíxate no texto que aparece no envase deste produto e responde.

- Cantas linguas se empregaron?
- Cal deses enunciados está en éuscaro?
- Que linguas se parecen máis entre si?
A que cres que se debe?



- 2** Escribe as palabras galegas que equivalen a estas palabras doutras linguas.

castelán	catalán	galego
llave	clau	
erizo	eriçó	
cazuela	cassola	

castelán	catalán	galego
bañera	banyera	
garaje	garatge	
horno	forn	

- 3** Le estes textos e explica cal entendes mellor e por que.



- 4** Traduce ao galego o texto anterior que che parecese máis doado, primeiro oralmente e despois por escrito.

- 5** **USA AS TIC.** A que lingua de España se refire cada adiviña? Resólveas e procura en Internet, coa axuda dun adulto, en que lugares se fala cada idioma.

Á beira do golfo de Biscaia
unha antiga lingua oirás falar.
Con «egun on» diche «bo día»,
con «bihar arte» diche «deica mañá».

Se digo «cama», dígoche «perna».
Se digo «got», dígoche «vaso».
Se digo «escolta», digo «escoita»...
Sabes xa en que lingua falo?

REPARO NA LINGUA

- 6** En ocasións, algúns falantes usan palabras tomadas do castelán en lugar da forma galega correcta. Fíxate no diálogo e explica.

- Que palabra castelá se empregou?
- Cal é a forma galega equivalente?

- 7** Di cal é a forma correcta para as palabras destacadas nestas oracións.

- A *chimenea* está atascada.
- Pintaron a *varandilla* do balcón.
- Ese cuarto ten *humedade*.
- O *pasillo* da casa é moi longo.



Representa
o mesmo son a letra
c de can ca a **c**
de cen?



A maior parte dos sons en galego represéntanse cunha soa letra, pero hai algúns que se representan con varias.

Sons	Letras	Uso de cada letra
Son G de <i>gol</i>	g e gu	g ante a, o, u / gu ante e, i .
Son K de <i>casa</i>	c e qu	c ante a, o, u / qu ante e, i .
Son Z de <i>ceo</i>	c e z	z ante a, o, u e ao final de palabra / c ante e, i .
Son R forte de <i>ra</i>	r e rr	rr entre vogais (<i>serra</i>) / r no inicio de palabra e tras consoante (<i>roda, tenro</i>).
Son B de <i>bo</i>	b e v	Depende da palabra (<i>bo, vello</i>).

1 Le o texto e busca nel palabras que presenten os sons indicados.

Paredes novas

Carmela e a súa irmá xemelga, Icía, non se poñían de acordo. Unha quería pintar o cuarto de azul ceo; a outra, de vermello guinda. Entón, Xaquín púxose ao traballo e pintou as paredes usando as dúas cores. Ao ver o resultado, as rapazas déronlle un abrazo ao pai. Agora o dormitorio tiña as paredes máis orixinais do mundo. Ninguén atoparía un igual.



PALABRAS CO SON **K**



PALABRAS CO SON **Z**



PALABRAS CO SON **G**



2 Responde as preguntas utilizando como exemplos as palabras anteriores.

- En que caso se usa a letra **c** para representar o son Z? E para representar o son K?
- En que caso se usa a letra **g** para representar o son G? Cando se usa o dígrafo **gu**?

3 Localiza dous elementos intrusos nesta serie. Despois, explica como se representan en todas estas palabras os sons R forte e R suave.

TEÑEN O SON **R SUAVE** ► varanda parede enredo cravo luar reixa

4 Fíxate no exemplo e escribe estas palabras engadíndolles *-iño, -iña*.
Despois, explica o cambio ortográfico que tiveches que facer.

- | | |
|---------------------------------|---------------------------------|
| ■ mozo ▶ <input type="text"/> | ■ praza ▶ <input type="text"/> |
| ■ pataca ▶ <input type="text"/> | ■ boneco ▶ <input type="text"/> |
| ■ pinga ▶ <input type="text"/> | ■ abrigo ▶ <input type="text"/> |



5 Copia e completa coa letra que corresponda: *z, c, qu, g* ou *gu*.

- No **araxe* entraron unhas formi**as* en rin**leira* que viñan dun formi**eiro* do xardín.
- Antes de marchar, **erra* as fiestras e **omproba* que apa**aches* as lu**es*.
- O **uarto* chan**o* das es**aleiras* ten unha pe**ena* ras**adela* na madeira.

6 **PARA PENSAR.** Escribe un exemplo de cada caso. Despois, analiza cos compañeiros se representaches cada son da forma correcta.

- Unha palabra que presente os sons R forte e R suave. ▶
- Unha palabra que conteña o son Z e tamén o son K. ▶
- Unha palabra que teña dúas veces o son Z. ▶

7 **DITADO ACUMULATIVO.** Prepara o ditado para facelo no caderno.

A colección do tío

A Roque gústalle visitar o tío Gonzalo. Foi capitán dun transatlántico e percorreu varios océanos. No salón hai unha exposición de fotos de portos coñecidos onde botou áncora e de obxectos curiosos que trouxo como recordo das súas viaxes. O seu favorito é unha gran buguina utilizada como corneta que mercou no Pacífico.



- Uso de **c, qu** e **z**
- Uso de **g** e **gu**
- Uso de **r** e **rr**

APRENDO A ESCRIBIR MELLOR

ORTOGRAFÍA VISUAL

mirada	mirrada
ración	razón
cinto	quinto

8 Completa coa palabra de cada par que corresponda.

- Esa planta do balcón está .
- Tes , este cuarto é pequeno.
- Paulo vive no piso dese edificio.


9 Escribe unha oración con cada unha das palabras que non empregaches.





Escribir un correo electrónico

Un correo electrónico é un tipo de texto parecido á carta, pero que se escribe no ordenador e se envía a través de Internet. Proponémosche escribir un correo electrónico en que lle contes a alguén a volta ao colexio despois das vacacións.



**Prepara ➔
o teu traballo**

1 Que hai en cada apartado do correo electrónico? Relaciona con números.

- | | | |
|-----------------------------------|---------------------------------------|---|
| ☐ saúdo | ☐ destinatario | ☐ tema do texto |
| ☐ sinatura | ☐ despedida | ☐ texto da mensaxe |

1 — 2 — 3 — 4 — 5 — 6 —	Para: susa@mail.com Asunto: No novo fogar Querida curmá: Teño unha chea de cousas que contarche. Mudámonos á casa nova. Cando vés visitarnos? Unha aperta. Xoán
--	---

2 Elix a persoa a quen lle vas escribir o correo electrónico e pídelo o enderezo.

3 Pensa o que lle vas contar no correo.

Pódeslle contar algunha anécdota do primeiro día de colexio: Que fixeches? Como te sentiches? Como é a nova aula? Que mestres tes?...

**Demostra que ➔
o sabes facer**

4 USA AS TIC. Escríbelo a mensaxe á persoa elixida para contarlle a volta ao colexio.



- Non esquezas completar cada apartado dos traballados na actividade 1.
- Antes de envialo, revisa e corrixe o que escribiches: Enténdese ben o que queres dicir?

ACTIVIDADES FINAIS

- 1 Que son estes elementos da casa e onde están? Explica por escrito.

■ o peitoril ■ o faiado ■ o petador

- 2 Con cal das tres formas atoparás cada palabra no dicionario? Escolle e explica por que.

irmáns - irmán - irmás

estreitas - estreita - estreito

escollendo - escollas - escoller

- 3 Define as seguintes palabras. Despois, compara a túa definición coa do dicionario.

■ escada ■ poldro ■ cerdeira

- 4 Identifica, a partir do cartel, catro linguas que se falan en España.



- 5 A que lingua cres que se parece máis o galego, ao castelán ou ao portugués? Pensa e responde.

- 6 Explica por que nestas palabras se empregan as grafías destacadas.

Un ratiño pasou correndo por enriba da varanda.



Aquela maceira da horta deunos pouco máis dun canastro de mazás este ano.

REPASO ACUMULATIVO

- 7 Reescribe coas contraccións que faltan.

O luns a as oito hai unha reunión con as familias en o salón de actos de a escola.

- 8 Completa con substantivos. Despois, escribe unha oración con cada grupo.

■ esta _____ ■ eses _____
■ as túas _____ ■ o meu _____

Demuestra o teu talento

- 9 Elixe e resolve a actividade que prefiras.

- A. Investiga, coa axuda de Internet e dun adulto, como se din en portugués e en catalán certas formas de saúdo ou algunhas palabras que queiras coñecer.
- B. Xoga cos compañeiros a inventar palabras co son K e co son Z. Escribídeas e definídeas coma se formasen parte dun dicionario.